

GUÍA DOCENTE



Proxecto levado a cabo cunha licenza de formación durante o curso 2018-2019


Xuño 2019

Aula de Radio é unha idea orixinal de:
Cristina Corral Soilán
cristina.corral.soilan@edu.xunta.es
Javier Prado Espiñeira
javier.prado@edu.xunta.es

Este proxecto está protexido por unha licenza Creative Commons Atribución-
NoComercial-CompartirIgual 4.0

A APLICACIÓN

AULA DE RADIO conta con distintas unidades de traballo, cada unha das unidades de traballo construídas será un capítulo independente e con valor consecutivo na montaxe e posta en funcionamento dunha radio escolar, así como do seu uso diario na aula, incluíndo nelas exemplos para poder levar a cabo na aula.



Imaxe 1. Menú principal

A estrutura das mesmas será a seguinte:

A. Parte teórica

(desglosada en distintos epígrafes)

B. Parte audiovisual

(con vídeos e audios explicativos dos distintos procesos)

C. Exercicios interactivos

(a través dos que se afianzarán os conceptos explicados previamente)

D. Avaliación

(A través dela veranse os resultados obtidos polos/as usuarios/as)



Imaxe 2. Teoría



Imaxe 3. Audiovisual



Imaxe 4. Actividade interactiva

Aínda que o curso está secuenciado para unha mellor aprendizaxe, pódese acceder a calquera das súas partes mediante o menú da esquerda ou ben na introducción do comezo, a través da súa estrutura tal e como vemos na imaxe.




Imaxe 5. Estructura do proxecto


O navegador do curso consta de dous botóns que nos permiten avanzar ou retroceder nas pantallas. Atópanse na parte inferior dereita do interfaaz.



Ademais na parte inferior esquerda ao carón do menú, atopamos un botón cun altafalante que nos vai permitir regular o volumen dos audios e dos videos.



Tamén compre destacar o botón denominado “Documentos”, que nos permitirá acceder a este e outros documentos relacionados co curso.



Por último, en cada unha das actividades da avaliación teremos o botón “Enviar” que deberemos premer unha vez teñamos escollida a nosa resposta.



ALUMNADO AO QUE VAI DIRIXIDO

O proxecto está destinado a cubrir as necesidades do desenvolvemento da linguaxe oral no **último ciclo de Educación Primaria** e no **primeiro de Educación Secundaria Obligatoria**.

O sentido globalizador da Radio como ferramenta de traballo tal e como a concibe este proxecto prestará **ademáis especial atención á diversidade, así como alumnado con necesidades específicas de apoio educativo**, que aparecen no artigo 71.2 da L.O.M.C.E.:

*Corresponde a las Administraciones educativas asegurar los recursos necesarios para que los alumnos y alumnas que requieran una atención educativa diferente a la ordinaria, por presentar **necesidades educativas especiales**, por **dificultades específicas de aprendizaje**, **TDAH**, por sus altas capacidades intelectuales, por **haberse incorporado tarde al sistema educativo**, o por **condiciones personales o de historia escolar**, puedan alcanzar el máximo desarrollo posible de sus capacidades personales y, en todo caso, los objetivos establecidos con carácter general para todo el alumnado.*

Gustaríanos facer especial fincapé no feiro de que desta ferramenta podan facer uso **@s especialistas de Audición e Linguaxe e/ou de Pedagogía Terapéutica**, que atendendo ao artigo 9.3 c) do Decreto 229/2011 de Atención á Diversidade, serán considerados as medidas extraordinarias que dean resposta ás necesidades específicas de apoio educativo do grupo de alumnado mencionado anteriormente.

É no artigo 37.1 deste mesmo Decreto onde se establece que a consellería dotará dos materiais educativos específicos para atender as necesidades educativas da diversidade do seu alumnado.

TIPOS DE ACTIVIDADES

As actividades tipo de que consta AULA DE RADIO son test e actividades varias:

- Resposta múltiple
- Resposta curta
- Selección
- Verdadeiro ou falso
- Escoller un
- Preguntas libres
- Punto clave (marcar zonas concretas de obxectos)



AVALIACIÓN FINAL

Os auriculares de radio escolar non deben ser plegables porque...


- Poden quedar perdidos nun caixón
- Porque non son doados de atopar no mercado
- Non serven para usar na etapa de Educación Infantil
- A súa estrutura é máis fráxil

AVALIACIÓN FINAL

Que cable empregaremos se queremos poñer música dende o noso ordenador na nosa radio escolar?



AVALIACIÓN FINAL



Marca verdadeiro ou falso nas seguintes afirmacións:

Non é recomendable montar a nosa radio escolar nun espazo permanente



O interesante da radio escolar é que se monta e se desmonta moi rápido



Non é aconsellable montar e desmontar o dispositivo de radio na mesma hora de clase



AVALIACIÓN FINAL

Antón é locutor nunha radio comercial e Xana nunha radio escolar. Elixes cal dos dous fai as seguintes afirmacións sobre a súa emisora:

Emprégase como ferramenta didáctica



O importante nela é o produto final



Antes de gravar o programa faise un ensaio



<p>AVALIACIÓN FINAL</p> 	<p>Cales das seguintes tarefas se potencia co uso da radio escolar?</p> <ul style="list-style-type: none"><input type="checkbox"/> A da caligrafía.<input type="checkbox"/> A de documentación.<input type="checkbox"/> A da investigación.<input type="checkbox"/> A da locución.
<p>AVALIACIÓN FINAL</p> 	<p>Cal destas plataformas elexirías para crear unha canle de podcasts?</p> 

OBXECTIVOS

PROPIOS DO PROXECTO:

- Facer da radio escolar un medio didáctico no ámbito da Educación Primaria e Secundaria a través dunha ferramenta TIC de fácil manexo para alumnado e profesorado

- Tratar de darlle maior presenza ás actividades relacionadas coa linguaxe oral dentro da práctica diaria da aula, así como das programacións de aula
- Facilitar un material útil e accesible dende distintos dispositivos tecnolóxicos que favoreza o seu emprego en distintos contextos
- Sistematizar e agrupar actividades da mesma natureza que xeneren un campo de instrumentos axeitados para avaliación das mesmas
- Permitir ao alumnado da etapa de primaria e secundaria coñecer un novo medio de aprendizaxe distinta aos empregados tradicionalmente (libro de texto, fichas, exames, etc.)
- Ensinar que o uso da radio escolar é un instrumento axeitado para traballar en calquera etapa e materia da educación primaria e secundaria
- Amosar como a radio escolar revélasenos como un instrumento de integración e inclusión para alumnado con dificultades e necesidades educativas especiais
Insistir na súa importancia como medio para o tratamento de temas transversais na etapa escolar especialmente daqueles relacionados coa convivencia escolar
- Ensinar como a través da radio foméntanse no alumnado unha serie de actitudes que de maneira conxunta que se necesitan para todas as materias e ao longo de todas as etapas da educación regrada, como son: o desenvolvemento da capacidade de análise, síntese e crítica, a capacidade de usar a linguaxe de maneira adecuada e adaptada ao contexto no que traballa, a capacidade para investigar, a capacidade de liderado, iniciativa e espírito emprendedor, a capacidade para resolver problemas e tomar decisións, a capacidade para traballar en equipo, a capacidade para fomentar o pensamento creativo, a capacidade para adaptarse á contorna e a novas situacións, a capacidade para usar de maneira adecuada as TIC,

a capacidade para exercer con responsabilidade e autonomía un traballo, a capacidade para aplicar os coñecementos á práctica.

- Revelar o poder da radio escolar para fomentar a capacidade crítica do alumnado con respecto aos Medios de Comunicación de Masas

DE BASE CURRICULAR:

Atendendo ao DECRETO 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o **currículo da educación primaria** na Comunidade Autónoma de Galicia algúns dos obxectivos que se levarían a cabo serían:

a) Conocer y apreciar los valores y las normas de convivencia, aprender a obrar de acuerdo con ellas, prepararse para el ejercicio activo de la ciudadanía y respetar los derechos humanos, así como el pluralismo propio de una sociedad democrática.

c) Adquirir habilidades para la prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.

d) Conocer, comprender y respetar las diferentes culturas y las diferencias entre las personas, la igualdad de derechos y oportunidades de hombres y mujeres y la no discriminación de personas con discapacidad.

m) Desarrollar sus capacidades afectivas en todos los ámbitos de la personalidad y en sus relaciones con los demás, así como una actitud contraria a la violencia, a los prejuicios de cualquier tipo y a los estereotipos sexistas.

Este proxecto plantexa un **traballo cooperativo** e de **integración** absoluta e **igualdade** entre culturas distintas así como entre homes e mulleres, no que polo tanto a **atención á convivencia** entre alumnado

non so é fundamental se non que se vai traballando no día a día e de xeito práctico. Este xeito de traballar parte da necesidade de aprender a resolver conflitos e avanzar cara a sana convivencia da aula e desenvolver as súas capacidades afectivas cos compañeiros/as do día a día.

b) Desarrollar hábitos de trabajo individual y de equipo, de esfuerzo y de responsabilidad en el estudio, así como actitudes de confianza en sí mismo, sentido crítico, iniciativa personal, curiosidad, interés y creatividad en el aprendizaje, y espíritu emprendedor.

O feito de que embarquemos ao alumnado nunha aventura como o da posta en marcha en funcionamento dunha radio escolar contribuirá a desenvolver hábitos de traballo colectivo e individual. Por outra banda cultivará neles/as un **espírito emprendedor** no ámbito da aula e no proxecto que lles tocará desenvolver xerando unha curiosidade e necesidade de coñecemento diario.

e) Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua galega e a lingua castelá, e desenvolver hábitos de lectura en ambas as linguas.

A **oralidade** e a **lectura** son dous pilares básicos do traballo da AULA DE RADIO, sen eles esta no tería razón de ser. Traballar de xeito apropiado as linguas será un garante de que o alumnado sexa máis competente no seu paso á ESO e na súa vida diaria.

i) Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.

O traballo realizado con AULA DE RADIO terá como ferramentas fundamentais as **TIC**. Faremos aquí especial mención aos **podcasts** que serán chave para o traballo con esta ferramenta. O podcast é unha peza de audio en formato de ficheiro dixital que se pode descargar na Internet, e que supón un antes e un despois no uso da radio no ámbito escolar, pois fará viable o “facer radio” e “escoitar radio”, máis aló do tempo real en que as pezas radiofónicas teñan nacido, está co seu uso garantido o cumprimento deste obxectivo.

k) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das demais persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.

Existirán unha serie de actividades relacionadas coas características da propia voz: intensidade, ton e timbre, a gravación e a escoita da mesma que ao traballar na radio vanse mellorando coa soa práctica das mesmas.

Atendendo ao DECRETO 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o **currículo básico da Educación Secundaria Obligatoria e do Bacharelato** na Comunidade Autónoma de Galicia algúns os obxectivos que se levarían a cabo serían:

a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como

valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

Este obxectivo cumprírase do mesmo xeito que se cumpre nos a) c) d) e m) de Educación Primaria.

b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

Este obxectivo cumprírase do mesmo xeito que se cumpre no b) de Educación Primaria.

c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.

Este obxectivo cumprírase do mesmo xeito que se cumpre nos a) c) d) e m) de Educación Primaria.

d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

Este obxectivo cumprírase do mesmo xeito que se cumpre nos a) c) d) e m) de Educación Primaria.

e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

Este obxectivo cumprírase do mesmo xeito que se cumpre no i) de Educación Primaria.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

Este obxectivo cumprírase do mesmo xeito que se cumpre no b) de Educación Primaria.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

Este obxectivo cumprírase do mesmo xeito que se cumpre no e) de EP

m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

Este obxectivo cumprírase do mesmo xeito que se cumpre no k) de Educación Primaria

o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersonal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

Este obxectivo cumprírase do mesmo xeito que se cumpre no e) de EP

CONTIDOS

Atendendo ás novidades da L.O.M.C.E. estableceremos dous cadros onde quedan reflectidos algúns dos máis importantes contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe para a etapa de Primaria por unha banda e para a etapa de Secundaria por outra.

EDUCACIÓN PRIMARIA

CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMP. CLAVE
Estratexias e normas para o intercambio comunicativo: participación; escoita; respecto á quenda de palabra; respecto polos sentimentos dos e das demais.	Participar en situacións de comunicación, dirixidas ou espontáneas, respectando a quenda de palabra.	Aplica as normas socio-comunicativas: escoita e respecta a quenda de palabras.	CCL CAA CSC
Comprensión e expresión de mensaxes verbais e non verbais, especialmente xestos e ton de voz que complementen o significado da mensaxe.	Recoñecer a información verbal e non verbal dos discursos orais e integrala na produción propia.	Integra de xeito global os recursos básicos verbais e non verbais para comunicarse oralmente.	CCL CSC
Interese pola ampliación devocabulario. Creación de redes semánticas moi sinxelas.	Ampliar o vocabulario apartir das experiencias de aula.	Utiliza o vocabulario axeitado á súa idade.	CCL
Comprensión global de textos orais de diversa tipoloxía: atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos) e procedentes de diversas fontes.	Comprender o sentido global dun texto oral. Identificar información relevante.	Comprende o sentido global de textos orais de uso habitual, do ámbito escolar e social.	CCL CAA
Audición e reprodución de textos adecuados ao nivel que estimulen o seu interese.	Reproducir textos orais próximos aos seus gustos e intereses.	Canta cancións, conta e recita pequenos contos e poemas.	CCL CAA CCEC

Lectura de distintos tipos de textos adaptados á súa idade.	Ler en voz alta diferentes tipos de textos infantís breves e sinxelos.	Lee con pronunciación e entoación axeitada, textos sinxelos, de variada tipoloxía, breves e adaptados á súa idade.	CCL
Comprensión de textos de diversa tipoloxía adecuados á súa idade	Comprender a funcionalidade de diferentes tipoloxías textuais, atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos) adaptados a súa idade.	Recoñece a funcionalidade de determinadas tipoloxías textuais: carteis, anuncios, avisos, receitas, normas, instrucións ...	CCL CAA
A palabra. Iniciación ao orde alfabético. Recoñecemento das características e uso das diferentes clases de palabras. Xénero e número do nome. Tempos verbais.	Aplicar os coñecementos gramáticos básicos sobre a estrutura da lingua.	Desenvolve a conciencia fonolóxica: identifica sílabas e fonemas como elementos fundamentais da palabra. Utilízase adecuadamente os artigos nos textos orais e escritos.	CCL
Vocabulario. Sinónimos e antónimos. Aumentativos e diminutivos. Comparacións e palabras derivadas.	Mellorar o coñecemento da lingua e sistematizar a adquisición de vocabulario.	Relaciona sinónimos e antónimos básicos en parellas de palabras significativas. Identifica no seu contorno palabras derivadas de outras moi evidentes.	CCL
Utilización de material multimedia educativo e outros recursos didácticos ao alcance propios da súa idade.	Utilizar programas e aplicacións educativas dixitais para realizar tarefas e avanzar na aprendizaxe.	Utiliza de xeito guiado, distintos programas e aplicacións educativos dixitais como ferramenta de aprendizaxe.	CCL CD CAA

EDUCACIÓN SECUNDARIA			
CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMP. CLAVE
Desenvolvemento de habilidades de escoita activa con actitudes de interese, de cooperación e de respecto.	Desenvolver habilidades de escoita activa con actitudes de interese, de cooperación e de respecto.	Desenvolve habilidades de escoita activa cando traballa en grupo ou se dan explicacións para toda a aula. Aмоса interese, respecto e unha actitude colaborativa.	CCL CSC
Coñecemento e uso das técnicas e estratexias para a produción de textos escritos: planificación, obtención de datos, organización da información, redacción e revisión do texto. A escrita como proceso.	Aplicar progresivamente as estratexias necesarias para producir textos con coherencia e cohesión.	Aplica técnicas diversas para planificar os seus escritos e redacta borradores de escritura.	CCL CAA
Planificación e revisión do escrito, de forma guiada, para producir textos adecuados, coherentes, cohesionados e correctos gramaticalmente.	Planificar e revisar o escrito, de forma guiada, para producir textos adecuados, coherentes, cohesionados e correctos gramaticalmente.	Utiliza esquemas sinxelos e notas para ordenar as ideas e estruturar o contido do texto adecúa o texto ao rexistro requirido. Utiliza correctamente conectores e concordancias. Revisa o texto seguindo as normas ortográficas e morfolóxicas.	CCL
Lectura de maneira guiada textos literarios para desenvolver o criterio lector e o pracer pola lectura.	Ler de maneira guiada textos literarios para desenvolver o criterio lector e o pracer pola lectura.	Le de maneira guiada textos literarios e é quen de desenvolver un criterio lector que lle permite emitir unha opinión persoal e o pracer pola lectura.	CCEC

<p>Coñecemento e uso progresivamente autónomo das estratexias necesarias para a produción e avaliación de textos orais.</p>	<p>Aprender a falar en público, en situacións formais e informais, de forma individual o en grupo</p>	<p>Conoce el proceso de producción de discursos orales valorando la claridad expositiva, la adecuación, la coherencia del discurso, así como la cohesión de los contenidos.</p>	<p>CCL CSC</p>
<p>Observación, reflexión, comprensión y valoración do sentido global dos debates, coloquios e conversas espontáneas, da intención comunicativa de cada interlocutor e aplicación das normas básicas que as regulan.</p>	<p>Valorar a importancia da conversa na vida social practicando actos de fala: contando, describindo, opinando, dialogando...</p>	<p>Escoita, observa e explica o sentido global de debates, coloquios e conversas espontáneas identificando a información relevante, determinando o tema e recoñecendo a intención comunicativa e a postura de cada participante, así como as diferencias formais e de contido que regulan os intercambios comunicativos formais e os intercambios comunicativos espontáneos.</p>	<p>CCL CSC</p>
		<p>Comprende o sentido global de textos publicitarios, informativos e de opinión procedentes dos medios de comunicación, distinguindo a información da persuasión en la publicidade e a información da opinión en noticias, reportaxes, etc. identificando as estratexias de enfatización e de expansión.</p>	<p>CCL</p>

METODOLOXÍA

A L.O.M.C.E (LEI ORGÁNICA 8/2013) fálanos da necesidade de levar a cabo metodoloxías activas que dean máis protagonismo ao alumnado como construtor e creador do coñecemento (“Necesitamos propiciar as condicións que permitan o oportuno cambio metodolóxico, de forma que o alumnado sexa un elemento activo no proceso de aprendizaxe. Os alumnos e alumnas actuais cambiaron radicalmente en relación cos de fai unha xeración. A globalización e o impacto das novas tecnoloxías fan que sexa distinta a súa maneira de aprender, de comunicarse, de concentrar a súa atención ou de abordar unha tarefa”).

Por tanto metodolóxicamente falando podemos dicir que o noso proxecto tenta traballar de maneira FLEXIBLE e versátil, de xeito que se vaia adaptando a aprendizaxe ao grupo e ao alumnado; será tamén GLOBALIZADORA, pois se dará unha visión integrada da realidade, non só escolar, senón tamén social, por iso tamén será SOCIALIZADORA; fará sempre fincapé na FORMACIÓN ENTRE IGUAIS e na CONVIVENCIA algo que se verá favorecido polo traballo COOPERATIVO, non deixando de lado a PERSONALIZACIÓN da mesma, pois cada alumno/a ten un proceso de aprendizaxe distinta que será respectado en todo momento.

É polo tanto un traballo multidisciplinar que persegue a participación activa de alumnado e profesorado, aproveitando as diversas aprendizaxes das distintas materias do currículo tanto de primaria como de secundaria.

Tenta por último ser unha ponte de unión entre o cambio de etapa que supón entrar na ESO e que en ocasións semella ter un xeito e metodoloxía de traballo moi distinto ao de Primaria.

AVALIACIÓN

Crearanse unha serie de rúbricas que permitan aos docentes avaliar dun xeito obxectivo os produtos finais elaborados coa radio.

Segundo os criterios que aparecían nos cadros anteriores, as rúbricas fundamentaranse nos seguintes aspectos:

- Traballo en equipo
- Búsqueda de información mediante a biblioteca escolar, soporte dixital e tradicional.
- Producción oral
- Factor de convivencia
- Autoavaliación